



Resolución da Comisión designada no procedemento para que o profesorado do corpo, para extinguir, de profesores técnicos de formación profesional se integre no corpo de profesores de ensino secundario (código de procedemento ED021A) pola que se modifica a resolución do 7 de marzo de 2023 na que se aproba e publica a relación provisional de persoas que se propoñen para a súa integración no corpo de profesores de ensino secundario así como daquelas que se exclúen provisionalmente.

Por Orde do 28 de outubro de 2022 convocouse o procedemento para que o profesorado do corpo, para extinguir, de profesores técnicos de formación profesional se integre no corpo de profesores de ensino secundario (código de procedemento ED021A).

Na base oitava desta convocatoria pública establécese que o órgano de instrución será unha Comisión constituída por persoal funcionario con destino na Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e na base novena regúlanse as funcións deste órgano de instrución.

A súa vez, a base décima establece que a Comisión, logo de realizada a comprobación dos requisitos e condicións, ditará unha resolución pola cal se aprobará a relación provisional de persoas que se propoñen para ser integradas no corpo de profesores de ensino secundario, así como daquelas que se exclúen por non reuniren algún dos requisitos e condicións exixidos, con especificación da causa ou causas de exclusión e a publicará no portal da internet da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, www.edu.xunta.gal

Con data do 8 de marzo de 2023, publícase no dito portal, a resolución o 7 de marzo de 2023 da Comisión designada no procedemento de integración na que se aproba e publica a relación provisional de persoas que se propoñen para a súa integración no corpo de profesores de ensino secundario así como daquelas que se exclúen provisionalmente.



De conformidade coas ditas bases, a Comisión como órgano de instrución do procedemento de integración do persoal funcionario de carreira do corpo, para extinguir, de profesores técnicos de formación profesional, no corpo de profesores de ensino secundario,

RESOLVE

Primeiro. Modificar a dita resolución do 7 de marzo de 2023, no senso de engadir un anexo V, integrante da dita resolución, coa data de efectos que se especifican nel.

Segundo. Publicar, como anexo V da resolución do 7 de marzo de 2023, a relación provisional de persoal que estaba en situación de servizo activo dende o 19 de xaneiro de 2021 e con anterioridade ao 10 de novembro de 2022 na Comunidade Autónoma de Galicia, coa condición de persoal funcionario de carreira, no corpo, para extinguir, de profesores técnicos de formación profesional, e que non pode integrarse no marco deste procedemento por ser nomeado funcionario de carreira do corpo de profesores de ensino secundario con anterioridade ao 19 de xaneiro de 2021.

Terceiro. A relación provisional do persoal que consta no citado anexo V, considérase que reingresa ao servizo activo, no corpo de profesores de ensino secundario coa data de efectos e a especialidade que se especifican nel.

Cuarto.-No caso do persoal que se atope no suposto contemplado no citado Anexo V desta resolución e que non presentara solicitude no marco deste procedemento, poderá formular, obrigatoriamente por medios electrónicos, reclamacións contra esta resolución mediante o procedemento xenérico dispoñible na sede electrónica (www.sede.xunta.gal) (código de procedemento PR004A) dirixido á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, no prazo de dez (10) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución no citado portal da internet da consellería.





O citado persoal con solicitude normalizada no procedemento ED021A poderán, de conformidade coa base décima da citada orde, formular reclamación contra a resolución pola que se aproba a relación provisional de persoas que se propoñen para ser integradas e as que se exclúen, mediante o trámite de «Alegacións», que se activará para estes efectos no procedemento normalizado ED021A, no prazo de dez (10) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución no citado portal da internet da consellería.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela,

O presidente da Comisión

José Luis Canosa Baldomir

